




***SERENDIPITY***

**E.O**

**MICROONDAS**

**En 1945, durante unha investigación relacionada co radar, o doutor Percy Spencer, enxeñeiro da Raytheon Corporation, estaba probando un tubo de baleiro chamado magnetrón cando descubriu que unha barra de chocolate que tiña no peto se derretera.**



**Raytheon**



**Sospeitando que as ondas emitidas polo magnetron eran as responsables do fenómeno, Spencer colleu uns poucos grans de millo e púxoos preto do aparello. O grans cocéronse e incharon. Repetiu de novo o experimento, desta vez cun ovo de galiña, que rebentou.**



**Spencer deseñou una caixa metálica cunha abertura pola que podía entrar a radiación do magnetrón. As paredes metálicas confinaban a radiación, polo que a enerxía do campo electromagnético non se difundía, senón que se concentraba dentro das paredes. Cando se introducía alimento, a súa temperatura aumentaba. Contra o final de 1946, a Raytheon Company patentou os microondas para a preparación dos alimentos.**



**Os primeiros microondas eran moi grandes, de 1,60 m de altura e 80 kg de peso: o magnetrón refrixerábase con auga, de xeito que era preciso instalar un circuío especial. Ademais, o seu prezo era elevado: costaban arredor de 5000 dólares cada un, polo que non tiveron boa acollida.**

**Ó desenvolverse un novo magnetrón enfriado por aire, eliminouse a necesidade de colocar tuberías de refrixeración, o que permitiu fabricar fornos máis baratos e manexables.**





**Cando a industria alimentaria descubriu o potencial e a versatilidade do novo invento, este aplicouse a usos variados, como deshidratar verduras, torrar café ou froitos secos, desconxelar e cociñar as carnes, etc. Outras industrias empregárono para o secado de cortiza, cerámica, papel, coiro, tabaco... Tamén se usaron as microondas no proceso de curado de materiais sintéticos, como o nailon. Con todo, a causa da desconfianza cara a estes novos aparellos, non foi ata os años setenta cando se empezaron a usar nas cociñas domésticas.**

A invención do microondas é un exemplo clásico de *serendipity*, (*serendipia*, en castelán), que se define como un descubrimento ou achado afortunado, valioso e inesperado que se produce de maneira accidental, casual, ou cando se está buscando unha cousa distinta.



Créditos das imaxes:

Diapositiva 1:

[https://upload.wikimedia.org/wikipedia/commons/e/e0/Micro\\_linea.JPG](https://upload.wikimedia.org/wikipedia/commons/e/e0/Micro_linea.JPG)

Diapositiva 2:

<https://www.lifeder.com/wp-content/uploads/2018/11/Spencer.jpg>

<https://www.encoreexecutivecoaching.com/wp-content/uploads/Raytheon-Co-1.jpg>

<https://upload.wikimedia.org/wikipedia/commons/1/16/Magnetron2.jpg>

Diapositiva 3:

[https://www.mix106.com.au/wp-content/uploads/sites/7/2020/06/136334594\\_1.jpg?crop=886px,0px,2248px,2702px&resize=680,816&quality=75](https://www.mix106.com.au/wp-content/uploads/sites/7/2020/06/136334594_1.jpg?crop=886px,0px,2248px,2702px&resize=680,816&quality=75)

<https://i.imgur.com/i9xAjN8.jpg>

Diapositiva 4:

<https://www.lindahall.org/wp-content/uploads/sites/5/2019/07/spencer01.jpg>

Diapositiva 5:

<https://pbs.twimg.com/media/ELHsvqNWsAEMjLy.png>

Diapositiva 6:

<https://estaticos.nosabesnada.com/uploads/2012/09/gato.jpg>

Diapositiva 7:

<https://franciscotorreblanca.es/wp-content/uploads/2017/04/la-serendipia-papel-estrategia-marketing.jpg>